

## DECRETO DE ALCALDÍA

CONSIDERANDO que o Concello de Oroso realiza un concurso de Máscaras de Entroido.

En virtude das facultades conferidas polo artigo 61.1.S9 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, con esta data **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar as seguintes bases e convocar o Concurso de Máscaras de Entroido 2019 no Concello de Oroso.

As bases polas que se rexerá o Concurso de Máscaras do Entroido Oroso 2019 son:

**PRIMEIRA:** Poderán participar todas as persoas interesadas, sempre e cando cumpran os requisitos establecidos.

**SEGUNDA:** O concurso está dirixido a diferentes idades, establecendo tres categorías: a categoría infantil (de 7 a 9 anos), categoría infantil ( de 10 a 12 anos) e a categoría xeral (a partir de 13 anos)

**TERCEIRA:** Non se aceptarán máscaras que xa foran premiadas noutros concursos.

**CUARTA:** O tema das máscaras será libre.

**QUINTA:** A máscara deberá ser de elaboración propia.

**SEXTA:** As máscaras deberán estar adaptadas ao tamaño dunha cara humana e cubrir o rostro completamente, podendo, no seu caso sobresaír adornos, accesorios, etc. As máscaras tipo anteface tamén serán admitidas.

**SETIMA:** Os materiais para a realización da estrutura base poderán ser de tres tipos:

- Calquera material derivado do papel (papel maché, cartón pedra ou cartón, cartolinas, técnicas mixtas derivadas do papel etc).
- Vendas de escaiola
- Combinacións que poidan xurdir entre as técnicas citadas no apartado a e b (papel e escaiola). Na categoría de adultos, valoraranse con menos puntuación máscaras nas cales a base estea realizada con materiais plásticos.

**OITAVA:** A decoración da máscara poderá estar realizada con materiais e accesorios de libre elección, segundo as necesidades da máscara e a idea a plasmar polo artista.

**NOVENA:** Valoraranse os acabados, a creatividade, a estética e o bo gusto.

**DÉCIMA:** Aceptarase como máximo unha máscara por participante, agás na categoría infantil que se aceptarán dúas máscaras por participante, non podendo resultar premiado o mesmo participante como gañador e finalista.

**DÉCIMO PRIMEIRA:** Os concursantes presentarán as súas máscaras nas oficinas do Centro Cultural de Fernando Casas e Novoa, de luns a venres en horario de 9 a 14h e martes e xoves de 17 a 20h, tendo como data límite de presentación o 26 de febreiro de 2019, antes das 20h.

**DÉCIMO SEGUNDA:** Requirirase a seguinte documentación por cada máscara entregada: sobre pechado cunha fotografía da máscara presentada no concurso, impresa en papel, co nome da obra, o nome do artista e un lema ou frase que explique a idea que inspirou a obra. Todo escrito no dorso da dita fotografía (as fotografías non serán devoltas).

**DÉCIMO TERCEIRA:** O día 2 de marzo, ás 19:30h (hora estimada) durante o concurso de disfraces fárase entrega dos premios do concurso de máscaras.

**DÉCIMO CUARTA:** As máscaras poderanse recoller no Centro Cultural de Fernando Casas e Novoa do 11 ao 21 de marzo, tras previa presentación por parte dos propietarios do xustificante de inscrición. Se o día 22 de marzo non se recolleron ás máscaras, entenderase que os seus autores renuncian á súa propiedade a favor da organización, quen poderá destruílas ou darlles o destino que considere máis conveniente.

**DÉCIMO QUINTA:** A organización non se fai responsable dos danos, roubo, extravío ou outros riscos similares sobre as obras dos participantes, dende a entrega ata a devolución das mesmas

**DÉCIMO SEXTA:** Os premios dos gañadores serán os seguintes:

Categoría Infantil (de 7 a 9 anos)

Gañador: Vale regalo na librería papelería La Repro Sigüeiro, por valor de 50€ (patrocinado polo establecemento)

Finalista: Vale regalo en Petiscos Doces por valor de 30€ (patrocinado polo establecemento)

Categoría Infantil (de 10 a 12 anos)

Gañador: Vale regalo en equip@t por valor de 70€ (patrocinado polo establecemento)

Finalista: Vale regalo en equip@t por valor de 35€ (patrocinado polo establecemento)

Categoría Xeral:

Gañador: aloxamento para dúas persoas no Hotel Ego en Viveiro, almorzo e acceso ao Spa (premio patrocinado por Galicia Calidade) e unha cámara deportiva (patrocinada por IDE)

Finalista: menú degustación para dúas persoas na Bodeguilla de San Lázaro en Santiago de Compostela (premio patrocinado por Galicia Calidade)

**DÉCIMO SETIMA:** No caso de que o gañador/ finalista da categoría xeral non teña cumpridos os 18 anos deberá ir acompañado do pai/nai titor/a.

**DÉCIMO OITAVA:** A participación no concurso significa a aceptación destas bases.

**SEGUNDO:** Dar publicidade ás seguintes bases no taboleiro de anuncios e darlle conta ao pleno na primeira sesión que se celebre.

En Oroso, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Alcaldía – Presidencia, do que eu, como Secretario dou fe.